




Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións

UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Achégolle Resolución reitoral para convocar os premios extraordinarios de diplomado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, licenciado, arquitecto, enxeñeiro e graduado do curso 2010-2011, para o seu correspondente trámite e difusión.

Así mesmo, xúntase Regulamento de premios extraordinarios aprobado pola Xunta de Goberno do 26 de setembro de 1994, e relación co número máximo de premios extraordinarios a conceder por titulación, para o seu coñecemento.

A Coruña, 2 de novembro de 2011

O reitor

DP.(RR. 14-01-2008)

A vicerreitora de Organización Académica e Titulacións

Ado.: Ana Dorotea Tarrío Tobar

Excma. Sra. Vicerreitora de Estudantes


Ilmo. Sr. Secretario Xeral

Ilmos/as. Sres/as Decano/as Directores/as de centros

Rúa da Maestranza, 9 15001 A Coruña

Tel.: 981 167 000 Fax: 981 167 011

voat@udc.es www.udc.es



RESOLUCIÓN REITORAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA POLA QUE SE CONVOCAN OS PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DIPLOMADO, ARQUITECTO TÉCNICO, ENXEÑEIRO TÉCNICO, LICENCIADO, ARQUITECTO, ENXEÑEIRO E GRADUADO CORRESPONDENTES AO CURSO ACADÉMICO 2010-2011.

A Xunta de Goberno da Universidade da Coruña, na sesión celebrada o día 26 de setembro de 1994, aprobou o Regulamento de premios extraordinarios de diplomado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, licenciado, arquitecto e enxeñeiro.

Con data do 31 de outubro de 2007 entra en vigor o RD. 1393/2007, do 29 de outubro, polo se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, que resulta modificado polo RD. 861/2010, do 2 de xullo.

De acordo co exposto e, en tanto que o Consello de Goberno da Universidade da Coruña non aprobe un novo Regulamento de Premios Extraordinarios,


RESOLVO:

PRIMEIRO.- Convocar os premios extraordinarios de diplomado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, licenciado, arquitecto, enxeñeiro e graduado correspondentes ao curso académico 2010-2011, en todas as titulacións que se imparten nesta universidade.

SEGUNDO.- Poderán optar aos premios extraordinarios aqueles alumnos que remataron os estudos da súa titulación na Universidade da Coruña nas convocatorias ordinarias e extraordinarias do curso académico 2010-2011.

Será necesario ter obtido unha nota media de sobresaliente no expediente académico; de forma excepcional poderase optar ao premio extraordinario cunha nota media de notable, cando non houber ningún alumno con nota media de sobresaliente entre os que rematasen os seus estudos no curso académico 2010-2011

O procedemento para o cálculo da nota media á que se refire o parágrafo anterior realizarase de acordo co establecido no punto 6 do Regulamento de Premios Extraordinarios de diplomado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, licenciado, arquitecto e enxeñeiro para os solicitantes que posúan calquera destas titulacións.



Para os solicitantes que estén en posesión dunha titulación de grao, o procedemento para o cálculo da nota media realizarase da forma mencionada no parágrafo anterior para aqueles titulados que, ben obtivesen o seu título tras realizar o currículum completo aprobado para cada plano de estudos de grao, ou ben tras se incorporaren a estes estudos dende os estudos da ordenación académica anterior.

Aos graduados que realizen tan só o 4º curso de grao por ter accedido a estes estudos como titulados da ordenación académica anterior, aplicaráselle a mesma fórmula de nota media en cada un dos seus expedientes académicos, sendo a súa nota media definitiva a resultante de promediar as dúas notas medias indicadas, segundo a porcentaxe que se establece no 75% para o expediente correspondente a ordenacións académicas anteriores (A) e o 25% para o expediente correspondente á titulación de grao (B), de acordo coa fórmula seguinte: Nota media A x 3 + nota media B x 1.

4

O número máximo de premios extraordinarios a conceder por titulación consta no anexo I desta Resolución unha vez aplicadas as porcentaxes previstas no punto 2 do Regulamento citado.

TERCEIRO.- Os interesados entregarán as súas solicitudes no rexistro do centro desta universidade en que rematasen os seus estudos, mediante instancia dirixida ao Reitor, empregando o modelo do anexo II á presente resolución. Non será preciso presentar a certificación de estudos.

CUARTO.- O prazo de presentación de solicitudes é do **3 ao 11 de novembro** de 2011, ambos inclusive.

QUINTO.- As solicitudes valoraranse polo tribunal que se constituirá en cada centro de acordo do disposto no punto 3 do Regulamento de premios extraordinarios citado; unha vez que se efectúen as valoracións, faranse públicos o resultados no taboleiro de anuncios do centro respectivo. As persoas solicitantes disporán dun prazo de dez días naturais, contados desde a exposición pública dos resultados, para presentar as reclamacións que consideren oportunas e que resolverá cada tribunal.

SEXTO.- Unha vez resoltas as reclamacións os presidentes dos tribunais tramitarán os expedientes ás Xuntas de Centro. Estas elaborarán as correspondentes propostas de concesión, que serán remitidas polos Decanos ou Directores ao Reitor para a súa tramitación ao Consello de Goberno da



Universidade, tendo como data tope para a remisión destas propostas o día **16 de decembro de 2011**.

SÉTIMO.- O Consello de Goberno, tras o estudo das propostas e deliberación correspondentes, resolverá a concesión dos Premios extraordinarios de diplomado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, licenciado, arquitecto, enxeñeiro e grado correspondentes ao curso académico 2010/2011.


A resolución do Consello de Goberno esgota a vía administrativa e contra esta resolución poderase interpoñer un recurso de reposición potestativo perante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes a contar desde a súa publicación ou, de forma alternativa, recurso contencioso-administrativo ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que comezarán a contar desde a súa publicación.

A Coruña, 2 de novembro de 2011

O Reitor



Asdo.: José María Barja Pérez



Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO II

PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE

Diplomado, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Técnico, Licenciado, Arquitecto, Enxeñeiro e Graduado.

CONVOCATORIA CURSO 2010-2011

ALUMNO/A: _____

D.N.I.: _____

CENTRO: _____

TITULACIÓN: _____

DATA REMATE ESTUDOS: _____

(No caso de titulación con P.F.C. a data enténdese á aprobación do proxecto)

SOLICITA:

Optar ao Premio Extraordinario de

A Coruña / Ferrol, ___ de _____ de 20__

O/A Interesado/a

MAGFCO. SR. REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Rúa da Maestranza, 9 15001 A Coruña

Tel.: 981 167 000 Fax: 981 167 011

voat@udc.es www.udc.es

Número de Titulados desde o 1/12/2010 ó 28/10/2011

Código	Estudo	Alumnos	Nº máximo premios extraordinarios
610212V01	Licenciatura en Bioloxía	54	1
610311V01	Licenciatura en Química	33	1
611001V01	Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais (sec. Empresar.)	2	1
611111V01	Licenciatura en Economía	41	1
611211V01	Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas	155	3
612001V01	Licenciatura en Dereito	218	3
613211V01	Licenciatura en Filoloxía Inglesa	26	1
613311V01	Licenciatura en Filoloxía Hispánica	10	1
613411V01	Licenciatura en Filoloxía Galega	13	1
614111V01	Enxeñeiro en Informática	73	1
614211V01	Enxeñeiro Técnico en Informática de Xestión	37	1
614311V01	Enxeñeiro Técnico en Informática de Sistemas	49	1
615011V01	Licenciatura en Socioloxía	37	1
616011V01	Licenciatura en Comunicación Audiovisual	23	1
620111V01	Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	1	1
620112V01	Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	23	2
630011V01	Arquitecto	131	2
631111V01	Diplomatura en Máquinas Navais	17	1
631211V01	Diplomatura en Navegación Marítima	20	1
631311V01	Licenciatura en Máquinas Navais	17	1
631411V01	Licenciatura en Náutica e Transporte Marítimo	10	1
632011V01	Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos	88	2
632111V01	Enxeñeiro Técnico en Obras Públicas - Esp en Construcións Cívís	38	1
650011V01	Diplomatura en Ciencias Empresariais	203	3
651012V01	Diplomatura en Fisioterapia	49	1
652111V01	Mestre, Especialidade en Educación Infantil	74	1
652211V01	Mestre, Especialidade en Educación Primaria	75	1
652311V01	Mestre, Especialidade en Educación Física	68	1
652411V01	Mestre, Especialidade en Audición e Linguaxe	47	1
652711V01	Licenciatura en Psicopedagogía	30	1
652811V01	Diplomatura en Educación Social	61	1
652911V01	Diplomatura en Logopedia	43	1
653011V01	Diplomatura en Terapia Ocupacional	11	1
660112V01	Diplomatura en Relacións Laborais	45	1
661011V01	Diplomatura en Enfermaría	63	1
662111V01	Diplomatura en Turismo	134	2
670001V01	Arquitecto Técnico en Execución de Obras	121	2
710112V01	Licenciatura en Humanidades	6	1
710212V01	Diplomatura en Biblioteconomía e Documentación	15	1
710311V01	Licenciatura en Documentación	9	1
730111V01	Enxeñeiro Naval e Oceánico	1	1
730112V01	Enxeñeiro Naval e Oceánico	17	1
730211V01	Enxeñeiro Industrial	17	1
750111V01	Diplomatura en Enfermaría	69	1
750211V01	Diplomatura en Podoloxía	36	1

Número de Titulados desde o 1/12/2010 ó 28/10/2011

Código	Estudo	Alumnos	Nº máximo premios extraordinarios
760112V01	Diplomatura en Relacións Laborais	5	1
770311V01	Enxeñeiro Técnico Naval - Especialidade en Estructuras Mariñas	11	1
770411V01	Enxeñeiro Técnico Naval - Esp Propulsión e Servizos do Buque	28	1
770511V01	Enxeñeiro Técnico Industrial - Especialidade en Electricidade	60	1
770611V01	Enxeñeiro Técnico Industrial - Esp Electrónica Industrial	38	1
771011V01	Enxeñeiro Técnico en Deseño Industrial	53	1

Número de Titulados desde o 1/12/2010 ó 28/10/2011

Código	Estudo	Alumnos	Nº máximo premios extraordinarios
610212V01	Licenciatura en Bioloxía	54	1
610311V01	Licenciatura en Química	33	1
611001V01	Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais (sec. Empresar.)	2	1
611111V01	Licenciatura en Economía	41	1
611211V01	Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas	155	3
612001V01	Licenciatura en Dereito	218	3
613211V01	Licenciatura en Filoloxía Inglesa	26	1
613311V01	Licenciatura en Filoloxía Hispánica	10	1
613411V01	Licenciatura en Filoloxía Galega	13	1
614111V01	Enxeñeiro en Informática	73	1
614211V01	Enxeñeiro Técnico en Informática de Xestión	37	1
614311V01	Enxeñeiro Técnico en Informática de Sistemas	49	1
615011V01	Licenciatura en Socioloxía	37	1
616011V01	Licenciatura en Comunicación Audiovisual	23	1
620111V01	Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	1	1
620112V01	Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	23	2
630011V01	Arquitecto	131	2
631111V01	Diplomatura en Máquinas Navais	17	1
631211V01	Diplomatura en Navegación Marítima	20	1
631311V01	Licenciatura en Máquinas Navais	17	1
631411V01	Licenciatura en Náutica e Transporte Marítimo	10	1
632011V01	Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos	88	2
632111V01	Enxeñeiro Técnico en Obras Públicas - Esp en Construcións Cívicas	38	1
650011V01	Diplomatura en Ciencias Empresariais	203	3
651012V01	Diplomatura en Fisioterapia	49	1
652111V01	Mestre, Especialidade en Educación Infantil	74	1
652211V01	Mestre, Especialidade en Educación Primaria	75	1
652311V01	Mestre, Especialidade en Educación Física	68	1
652411V01	Mestre, Especialidade en Audición e Linguaxe	47	1
652711V01	Licenciatura en Psicopedagogía	30	1
652811V01	Diplomatura en Educación Social	61	1
652911V01	Diplomatura en Logopedia	43	1
653011V01	Diplomatura en Terapia Ocupacional	11	1
660112V01	Diplomatura en Relacións Laborais	45	1
661011V01	Diplomatura en Enfermaría	63	1
662111V01	Diplomatura en Turismo	134	2
670001V01	Arquitecto Técnico en Execución de Obras	121	2
710112V01	Licenciatura en Humanidades	6	1
710212V01	Diplomatura en Biblioteconomía e Documentación	15	1
710311V01	Licenciatura en Documentación	9	1
730111V01	Enxeñeiro Naval e Oceánico	1	1
730112V01	Enxeñeiro Naval e Oceánico	17	1
730211V01	Enxeñeiro Industrial	17	1
750111V01	Diplomatura en Enfermaría	69	1
750211V01	Diplomatura en Podoloxía	36	1

Número de Titulados desde o 1/12/2010 ó 28/10/2011

Código	Estudo	Alumnos	Nº máximo premios extraordinarios
760112V01	Diplomatura en Relacións Laborais	5	1
770311V01	Enxeñeiro Técnico Naval - Especialidade en Estructuras Mariñas	11	1
770411V01	Enxeñeiro Técnico Naval - Esp Propulsión e Servizos do Buque	28	1
770511V01	Enxeñeiro Técnico Industrial - Especialidade en Electricidade	60	1
770611V01	Enxeñeiro Técnico Industrial - Esp Electrónica Industrial	38	1
771011V01	Enxeñeiro Técnico en Deseño Industrial	53	1
620G01V01	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	66	1
631G02V01	Grao en Enxeñaría Mariña	13	1
651G01V01	Grao en Fisioterapia	38	1
653G01V01	Grao en Terapia Ocupacional	41	1
660G01V01	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	90	2
662G01V01	Grao en Turismo	13	1
670G01V01	Grao en Enxeñaría de Edificación	61	1
750G01V01	Grao en Enfermaría	8	1
771G01V01	Grao en Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento de Produto	48	1

REGULAMENTO DE PREMIOS EXTRAORDINARIOS
de Diplomado, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Técnico, Licenciado, Arquitecto e Enxeñeiro.

1. Os premios extraordinarios de diplomado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, licenciado, arquitecto e enxeñeiro serán concedidos pola Xunta de Goberno por proposta da Xunta de Centro correspondente.
2. Os premios extraordinarios concederanse por titulacións, entre os alumnos que remataron os seus estudos nas convocatorias de xuño e setembro do correspondente curso académico. O número máximo de premios extraordinarios a conceder por titulación e curso académico será dun por cada setenta e cinco alumnos ou fracción que rematase os seus estudos no devandito curso académico.
3. A valoración de estudantes para a proposta de premios extraordinarios será realizada por un tribunal para cada titulación. Este tribunal estará formado por tres profesores numerarios e será aprobado pola Xunta de Centro por proposta do decano ou director e tras a consulta aos directores dos departamentos. A Xunta de Centro determinará así mesmo cal dos membros actuará de presidente.
4. A convocatoria destes premios extraordinarios será realizada anualmente polo reitor ao longo do primeiro trimestre do curso académico seguinte ao que correspondan os premios a conceder. Na dita convocatoria estableceranse os prazos e documentos a presentar polos interesados.
5. Para poder optar a premio extraordinario será necesario ter obtida unha nota media de sobresaliente no expediente académico. De forma excepcional poderase optar ao premio extraordinario cunha nota media de notable cando non houber ningún alumno con nota media de sobresaliente entre os que obteñen o título nese curso académico.
6. O procedemento para o cálculo da nota media a que se refire o punto anterior deberá ter en conta a seguinte táboa de equivalencias, a efectos de homoxeneizar titulados de distintos planos de estudo: Aprobado - 1; Notable - 2; Sobresaliente - 3; Matrícula de honra - 4, así como o número de créditos de cada materia. Non se contabilizarán as materias de libre elección para o cálculo da nota media.
7. A concesión de premio extraordinario figurará no expediente do alumno e farase constar fidedignamente.
8. Disposición transitoria.- A primeira convocatoria de premios extraordinarios desta universidade realizarase no curso 1994/95 e será de aplicación aos titulados dos cursos 1990/91, 1991/92, 1992/93 e 1993/94 con carácter independente a cada un destes cursos.

Queda sen efecto calquera outra normativa que se opoña ao establecido neste Regulamento.